



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15886 - FRADES (A Conña)
Telefo: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

SESION PLENARIA ordinaria

Día venres 9 de xullo de 2021,

No MULTIUSOS CONCELLO DE FRADES, cando son as 13:42 horas do día venres 9 de xullo de 2021, a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

ASISTENTES:

ROBERTO REY MARTÍNEZ	79314640Z	PP
MANUEL FERREIRO MARZOA	34893023E	PP
JESUS MIGUEL PRADO CEA	46910475C	PP
M ^a ANGELES ALVAREZ CARRO	76363609K	PP
JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	76329065T	PP
OSCAR BOTANA RUA	44842883J	PP
JUAN CARLOS PORTOS BRA	76368290X	PP
ENRIQUE ASTRAY OTERO	45955540E	PSOE
JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	76363600N	PSOE
MANUEL MIGUEZ VILLAVARDE	35314415P	BNG

AUSENTES:

AURELIO GAREA PORTOS 79310360N PSOE

; baixo a Presidencia de 79314640Z ROBERTO REY MARTÍNEZ como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Ángela María Viqueira Allo.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DO PLENOS ANTERIORES (SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA 14/05/2021; SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA URGENTE 25/06/2021).

Preséntanse para a aprobación, no seu caso, as actas correspondentes ás sesións plenarias que tiveron lugar nas datas de 14/05/2021; 25/06/2021, de todas elas distribuídas coa convocatoria. O alcalde cede a palabra aos voceiros dos distintos grupos para que se pronuncien sobre cada unha das actas, e sobre se teñen observacións ou emendas sobre elas.

VOTACIÓNS E ACORDOS

1.1 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA 14/05/2021. Sométese a aprobación da acta da sesión plenaria de 14/05/2021, a votación ordinaria, e obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da aprobación.

1.2 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA URGENTE 25/06/2021). Sométese a aprobación da acta da sesión plenaria de 25/06/2021, a votación



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

ordinaria, e obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da aprobación.

2.- DACIÓN EN CONTA DE DECRETOS.

Dáse conta ao Pleno das resolucións da alcaldía ditadas que van dende o número 75/2021 (11/05/2021) ao número 117/2021 (06/07/2021), en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real Decreto 2568/1986, 28 de novembro), que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras dende a convocatoria do Pleno.

3.-PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS DO 2022.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: *Calendario Laboral 2022*

Expediente:

Recíbese neste concello escrito da Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Emprego e Igualdade solicitando, co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que neste concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo e dítar a correspondente resolución, solicitando o envío da proposta na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperables deste termo municipal para o vindeiro ano 2022

Ao mesmo tempo indícanse as festas locais na Comunidade Autónoma de Galicia:

*17 de maio.....Día das Letras Galegas
24 de xuño.....San Xoán*

e as festas de ámbito estatal:

*1 de xaneiroAno novo
6 de xaneiroDía de Reis (Epifanía do Señor)
14 de abrilXoves Santo
15 de abrilVenres Santo
25 de xulloDía nacional de Galicia
15 de agosto.....Asunción da Virxe
12 de outubro.....Festa Nacional de España
6 de decembro.....Día da Constitución Española
8 de decembro.....Festa da Inmaculada Concepción*

Esta Alcaldía PROPÓN ao concello en Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Fixar os dous festividades locais nas datas de:

1 de marzo.....Martes de Carnaval

29 de setembro.....San Miguel

Segundo.- Remitir a certificación do presente acordo á Subdirección de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Frades, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde, Roberto Rey Martínez

INTERVENCIÓNS
Non se producen.

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP
0 PSOE
0 BNG

Votos en contra:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

Abstenciones:

0 PP
2 PSOE
1 BNG

O pleno por maioría dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Fixar os dous festivos locais nas datas de:

1 de marzo.....Martes de Carnaval

29 de setembro.....San Miguel

Segundo.- Remitir a certificación do presente acordo á Subdirección de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

4.-SOLICITUDE Á AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA DE MELLORAS NA SEGURIDADE VIARIA DA ESTRADA AUTONÓMICA AC-524 Ó SEU PASO POLO CONCELLO DE FRADES.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA COMO TITULAR DA ESTRADA AC-524 DE ORDES A LANZÁ (MESÍA) AO SEU PASO POLO CONCELLO DE FRADES, PARROQUIA DE ABELLÁ QUE SE CORRIXAN AS DEFICIENCIAS DESCRITAS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PARA OS VEHÍCULOS E AS PERSOAS.

EXPEDIENTE: 2021/U004/000010

Considerando o informe elaborado polo arquitecta municipal do concello de Frades, A Coruña, o cal conclúe:

“PRIMEIRO.- En conclusión ao exposto nos puntos anteriores, compróbase que na estrada AC-524 ao seu paso polo Concello de Frades presenta varias aspectos que deberían ser mellorados tales como o estado do seu firme moi agretado, a revisión das velocidades en algún dos seus tramos, a posibilidade de poñer algún paso de peóns e a mellora dun tramo vello da estrada que da continuidade a senda no entorno do Lugar de O Pazo.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

SEGUNDO.- Proponse por parte dos servizos técnicos municipais, solicitar ao organismo titular da estrada, que corresponde a Xunta de Galicia, que se corrixa as deficiencias descritas nos puntos anteriores para a mellora da seguridade viaria para os vehículos e as persoas nesa estrada.

E para que sirva ós efectos oportunos, expido o presente INFORME sobre a estrada AC-524 de Ordes a Lanzá (Mesía) ao seu paso polo Concello de Frades, Parroquia de Abellá. "

Esta alcaldía propón ao concello en Pleno a adopción dos seguintes acordos

Primeiro.- Solicitar á Xunta de Galicia como titular da estrada AC-524 de Ordes a Lanzá (Mesía) ao seu paso polo Concello de Frades, Parroquia de Abellá que se corrixa as deficiencias descritas para a mellora da seguridade viaria para os vehículos e as persoas.

Segundo.- Remitir á Xunta de Galicia certificación do presente acordo.

Frades, o alcalde Roberto Rey Martínez, asinado dixitalmente.

INTERVENCIÓNS
Non se producen.

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP
2 PSOE
1 BNG

Votos en contra:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

Abstenciones:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

O pleno por unanimidade dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Solicitar á Xunta de Galicia como titular da estrada AC-524 de Ordes a Lanzá (Mesía) ao seu paso polo Concello de Frades, Parroquia de Abellá que se corrixa as deficiencias descritas para a mellora da seguridade viaria para os vehículos e as persoas.

Segundo.- Remitir á Xunta de Galicia certificación do presente acordo.

5.-SOLICITUDE Ó DEPARTAMENTO DE VÍAS E OBRAS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE MELLORAS NA SEGURIDADE VIARIA NAS ESTRADAS PROVINCIAIS DP-P3801 E DP-3802 Ó SEU PASO POLO CONCELLO DE FRADES.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

PROPOSTA DE ALCALDÍA



Concello de FRADES

Cimadeviña, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

ASUNTO: SOLICITAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA COMO TITULAR DAS ESTRADAS DP-3801 E DP-3802 QUE SE CORRIXAN AS DEFICIENCIAS DESCRITAS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PARA OS VEHÍCULOS E AS PERSOAS.

EXPEDIENTE: 2021/U004/000009

Considerando o informe elaborado polo arquitecta municipal do concello de Frades, A Coruña, o cal conclúe:

"PRIMEIRO.- En conclusión ao exposto nos puntos anteriores, compróbase que na estrada DP-3801 non existe vaía gardarrail na marxe dereita (no sentido de avance dos puntos quilométricos), para protección dos vehículos en caso de achegarse demasiado ao bordo da estrada. Por protección das persoas que circulan en vehículo é necesario da instalación de dita vaía de protección, aproximadamente no pk + 17,960, na marxe dereita segundo o sentido de avance dos puntos quilométricos

SEGUNDO.-. Con respecto a estrada DP-3802, tamén se observan deficiencias tales como cunetas de formigón perigosas por estar moi próximas a estrada, con moita profundidade e que non permiten o paso das persoas; a falta dunha vaía gardarril nunha curva en baixada na marxe dereita, aproximadamente no pk + 13,240 e na ponte sobre o río Maruzo están totalmente deterioradas en ambas marxes as vaías e varandas, para protección de vehículos e persoas.

TERCEIRO.- Con respecto aos desbroces destas dúas vías provinciais, solicitamos que se realicen o mais pronto posible porque a falta desta limpeza nas cunetas destas estradas está ocasionando moitas molestias tanto para os condutores como para os peóns que as utilizan, poñendo en perigo a seguridade vial dos usuarios. Solicitamos ao departamento de Vías e Obras da Deputación da Coruña que para próximas anualidades se faga unha planificación axeitada para o desbroce destas estradas, para que, chegado os meses de verán, que e cando mais medra a maleza, estean en perfectas condicións de uso e mellore así a seguridade vial dos usuarios, especialmente dos nosos veciños/as que transitan a pé por elas.

CUARTO.- Proponse por parte dos servizos técnicos municipais, solicitar ao organismo titular da estrada, que corresponde coa Deputación da Coruña, que se corrixa as deficiencias descritas para a mellora da seguridade viaria para os vehículos e as persoas."

Esta alcaldía propón ao concello en Pleno a adopción dos seguintes acordos

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña como titular das estradas DP-3801 e DP-3802 que se corrixa as deficiencias descritas para a mellora da seguridade viaria para os vehículos e as persoas.

Segundo.- Remitir á Deputación Provincial da Coruña certificación do presente acordo.

Frades, o alcalde Roberto Rey Martínez, asinado dixitalmente.

INTERVENCIÓNS
Non se producen.

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP
2 PSOE
1 BNG

Votos en contra:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

Abstencións:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

0 PP
0 PSOE
0 BNG

O pleno por unanimidade dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña como titular das estradas DP-3801 e DP-3802 que se corrixa as deficiencias descritas para a mellora da seguridade viaria para os vehículos e as persoas.

Segundo.- Remitir á Deputación Provincial da Coruña certificación do presente acordo.

6.-MOCIÓNS.

6.1.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DUN MODELO DE ENERXÍA EÓLICA SUSTENTÁBEL, XUSTA E GALEGA FRENTE AO ESPOLIO É A DEPRDACIÓN. (RE Nº 385; 02/07/2021).

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa moción se inclúe íntegra a continuación:

“Moción en defensa dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

Manuel Míguez Villaverde, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Frades, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

Galiza sofre hoxe un boom eólico sen precedentes. As grandes empresas do oligopolio eléctrico e os gobernos da Xunta e do Estado están a aproveitar a necesidade de desenvolver unha transición enerxética que abandone enerxías fósiles para repetir a historia: facer que Galiza sexa unha gran produtora de enerxía sen capacidade decisión, cun modelo espoliador e depredador deseñado ás nosas costas e ao servizo das grandes empresas, sen participación social e sen garantías de protección medioambiental nin de que o beneficio económico obtido sexa empregado para reverter na xeración de riqueza no noso país.

Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control público e sen garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio. Baixo a coartada do “verde” asistimos a un lavado de cara dirixido polo propio oligopolio eléctrico a quen a Xunta de Galiza, e agora tamén o goberno central, poñen unha alfombra vermella.

Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen consenso coa sociedade dos lugares afectados e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares, converténdose en parte activa dos problemas que se están a dar ao favorecer un modelo depredador. É necesario apostar polas enerxías



Concello de FRADES

Cimadeviña, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraidesdiaruna.es

renovábeis, pero hai que ter en conta que non por ser renovábeis son inocuas e que tamén deben avaliarse os seus impactos.

Nos últimos anos, cunha forte oposición social, o goberno galego aprobaba a coñecida como “lei de depredación” (Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza) e máis recentemente, coa coartada da covid-19 seguía o camiño de desregulación e descontrol eólico aprobando a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de

Galiza que afonda na redución de prazos e que pon o territorio galego ao servizo da implantación eólica. Así mesmo, isto acontece despois de que o Partido Popular bloqueara durante os seus gobernos a ampliación da protección de espazos que hoxe deberan estar blindados pola súa importancia para a preservación da biodiversidade e a loita contra a crise climática.

Ademais, isto acontece nun momento de crise industrial onde curiosamente ao mesmo tempo que Galiza bate récords de xeración eólica bate tamén récords de desmantelamento industrial. Non só non hai vinculación desta expansión a proxectos industriais, senón que vemos como empresas vinculadas á fabricación de compoñentes pechan ou son deslocalizadas, como Isowat ou Siemens Gamesa.

Aínda que Galiza nunca antes xerou tanta enerxía eólica (no 2020 foi a segunda comunidade do Estado) e seguimos exportando enerxía eléctrica para outros territorios, non obtemos un retorno xusto que compense o impacto social e ambiental. O noso papel xerador ten que traducirse nun vector de crecemento e desenvolvemento económico no lugar de empobrecernos como fai este modelo absolutamente espoliador. É necesario un cambio de modelo que defenda a participación pública no sector, a través dunha empresa pública galega de enerxía e da participación da Xunta, de Concellos e de colectivos como asociacións veciñais ou comunidades de montes. Así mesmo, Galiza debe ter dereito a decidir sobre como desenvolver a súa planificación enerxética. Hoxe é un clamor social a corrección da antidemocrática falta de transparencia e información que existe e garantir mecanismos de participación para a sociedade galega. Por estes motivos, desde o BNG reclamamos un cambio de rumbo a prol dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

Por todo o exposto o pleno do concello acorda demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:

1. Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coaña)
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraides.diaoruna.es

2. *Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte das compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza.*

3. *Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agrogandeiras) de maneira que xere rendas complementarias. Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.*

4. *Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática.*

Singularmente:

a) *Paralizar cautelarmente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.*

b) *Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.*

c) *Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans de proteccións de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.*

5. *Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:*

a) *Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.*

b) *Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos,*



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coaña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.

c) *Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación.*

Frades, 2 de xullo de 2021

Manuel Míguez Villaverde

Portavoz do grupo municipal do BNG

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES"

INTERVENCIÓNS

ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE sinala que na exposición de motivos da moción obxecto de debate acúsase ao goberno central o cal se considera que non ten razón, se ben polo que respecta ao fondo da moción está dacordo ca mesma.

MANUEL FERREIRO MARZOA, concelleiro do grupo municipal do PP indica que o sentido do voto do seu grupo será en contra. Indica que resulta básica que todas as administracións públicas tramite proxectos de conformidade ca lexislación vixente. A transparencia quen que ser absoluta e os informes deberán constan nos expedientes. O modelo da Xunta de Galicia resulta ser un modelo organizado do sector eólico con consenso entre todas as partes implicadas.

MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE, concelleiro do grupo municipal do BNG indica que a discrepancia nas actuacións encóntrase no fondo do asunto.

O ALCALDE indica que cada grupo ten a súa postura en atención ao modelo eólico e que o importante polo que a concello de Frades se refiere, resulta ser no que afecte a esta entidade local, deixando á marxe as outras administracións estatais e autonómicas, destacando a oposición do concello á instalación de parques eólicos por entender que esta zona non resulta axeitada.

VOTACIÓN

Votos a favor:

0 PP
2 PSOE
1 BNG

Votos en contra:

7 PP
0 PSOE



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coaña)
Telefo: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

0 BNG

Abstencións:

0 PP

0 PSOE

0 BNG

6.2.- MOCIÓN DO BNG SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS (RE Nº 386; 02/07/2021).

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa moción se inclúe íntegra a continuación:

"MOCIÓN SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS

Manuel Míguez Villaverde, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Frades, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

O Ministerio de Fomento vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Fomento a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custo para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custo duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Fomento tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53. Por outra parte, en Galiza existen dúas autovías autonómicas con peaxes ás persoas usuarias, a AG 55 e a AG 57, o que supón en agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais



Concello de FRADES

Cimadeviña, 10
15686 - FRADES (A Coaña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

incrementa a inseguridade viaria e merma a calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1- *Amosar a rotunda oposición do Concello de Frades á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.*

2- *Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Ministerio de Fomento.*

Frades, 1 de xullo de 2021

Manuel Míguez Villaverde

Portavoz do grupo municipal do BNG

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES"

INTERVENCIÓNS

ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE sinala que todo se encontra no aire e que xa no seu momento o PP intentou facer algo parecido e estamos de acordo que a repercusión será negativa para os cidadáns. Resulta necesario a colaboración e o entendemento entre as forzas políticas. O sentido do voto do grupo vai ser a abstención.

MANUEL FERREIRO MARZOA, concelleiro do grupo municipal do PP indica que o sentido do voto do seu grupo será a favor poñendo de manifesto que resulta curioso que o BNG trae este tipo de mocións cando no seu momento favoreceu a investidura do goberno de Pedro Sánchez.

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP
0 PSOE
1 BNG

Votos en contra:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

Abstencións:

0 PP
2 PSOE
0 BNG



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telefo: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

6.3.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA (RE Nº 387; 02/07/2021).

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa moción se inclúe íntegra a continuación:

“Moción sobre a nova tarifa eléctrica

Manuel Míguez Villaverde, concelleira/o do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Frades, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola “Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia” (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posíbel.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súa actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Frades da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.

b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

Frades a 1 de xullo de 2021

Manuel Míguez Villaverde

Portavoz do Grupo municipal do BNG

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES"

INTERVENCIÓNS

ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE sinala que está bastante a favor sobre todo tendo en conta que o concello de Frades é un concello gandeiro. O sentido do voto do grupo vai ser a favor.

MANUEL FERREIRO MARZOA, concelleiro do grupo municipal do PP indica que o sentido do voto do seu grupo será a favor.

O ALCALDE sinala que estiveron visitando unha granxa con placas e falando co propietario respecto a que está conseguindo unha redución do 50 60% e tamén respecto a compensación dos horarios semanais e fin de semana.

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

2 PSOE

1 BNG

Votos en contra:

0 PP

0 PSOE

0 BNG

Abstencións:

0 PP

0 PSOE

0 BNG

6.4.- MOCIÓN DO PP PARA INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A BAJAR EL PRECIO DE LA LUZ ACTUANDO SOBRE DETERMINADOS IMPUESTOS Y COSTES REGULATORIOS (RE Nº 395; 06/07/2021).

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa moción se inclúe íntegra a continuación:

"MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE FRADES PARA INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A BAJAR EL PRECIO DE LA LUZ ACTUANDO SOBRE DETERMINADOS IMPUESTOS Y COSTES REGULATORIOS

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Frades (A Coruña), conforme a to previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

España es el cuarto país de la Unión Europea en el que sus residentes pagan más por electricidad, al contar con una factura promedio anual de 1. 273 €, representando el 8,5% del salario anual (15.015 €).

A este dato hay que añadir otros dos especialmente relevantes. Primero, según datos de Eurostat, al cierre de 2019 el precio del kilovatio hora en España era el quinto más alto de la Unión Europea y, segundo, entre mayo de 2020 y mayo de 2021 la factura de la luz se ha incrementado en un 44%.

Ante estos datos, hay que recordar que en España menos de un 40% de la factura de la luz depende del precio de la electricidad y del mercado.

El resto, se debe a los costes regulatorios derivados de la gestión política (por ejemplo, subvenciones a las renovables o al carbón o el déficit de tarifa, entre otras) y a los impuestos (ej.: el Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica, entre otros).

Si hablamos de costes derivados de la gestión política se debe destacar que el ex- presidente Jose Luis Rodriguez Zapatero reconocía en 2019 que sus dos legislaturas habían generado una burbuja de 29.281 millones € por el boom de las renovables.

Y si hablamos de impuestos nuestro país se sitúa entre los 10 primeros países de la Unión que mayor IVA (21%) aplica a este producto.

Por tanto, uno de las vías más inmediatas para reducir la factura de la luz es la rebaja de los impuestos que gravan la electricidad pero el gobierno de España ha optado por implantar una tarifa con tres tramos horarios restringiendo la libertad de elección de los consumidores y obligándoles a cambiar sus hábitos de vida, que no todos los españoles podrán hacerlo, si quieren tener alguna posibilidad de ahorrar en su factura de la luz.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Porque aunque el gobierno afirme que estas nuevas tarifas permitirán que se produzca una bajada general de la factura de la luz, la realidad es muy diferente ya que con esta medida 11 millones de españoles verán incrementada su factura.

Por otro lado, el Gobierno de España para justificar su negativa actuar y rebajar el precio de la luz a millones de hogares españoles via rebaja de impuestos afirma que, gracias a su acción política, el recibo de la luz bajo en un 40% el año pasado cuando esa rebaja se debió a la caída de la demanda por la pandemia y a la bajada de los precios del gas y del petróleo en 2020.

Y se vuelve a vuelve a escudar en Europa para rechazar bajar el IVA aplicado a la electricidad cuando la realidad es que varios países europeos tienen tipos más bajos que España en la tarifas que afectan a los consumidores y que ni existe una normativa europea que impida bajarlo.

Por lo expuesto, y ante las recomendaciones y medidas aprobadas en el seno de la FEMP, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Frades, presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDO

Instar al Gobierno de España a tomar las siguientes medidas para impedir que el aumento espectacular del precio de la energía eléctrica lastre la economía personal y familiar de los españoles ya especialmente dañada por los efectos de la pandemia:

- 1- rebajar el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica del 7% al 0%, modificando para ello el Art. 8 de la Ley 15/2012 de medidas fiscales para la sostenibilidad energética.*
- 2- modificar la Ley 24/2013 del Sector Eléctrico para, entre otros aspectos, que determinados costes regulatorios que se trasladan a la factura eléctrica (deuda del sistema eléctrico y costes extrapeninsulares) como la deuda del sistema eléctrico sean financiados íntegramente con cargo a los Presupuestos Generales del Estado.*
- 3- Simplificar el recibo de la luz para facilitar su comprensión.*
- 4- Poner en marcha de inmediato una campaña de información dirigida a los consumidores que explique de forma sencilla y comprensible la nueva tarifa de la luz.*

En Frades, a 5 de Julio de 2021

Firmado: Manuel Ferreiro Marzoa PORTAVOZ DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DEL AYUNTAMIENTO DE FRADES (A CORUÑA) ”

INTERVENCIONS

MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE, concelleiro do grupo municipal do BNG indica que para a próxima vez sería conveniente que o documento estivese redactado en galego.

ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE sinala que resulta un entroido que o PP presente esta moción facendo alusión a unha chirigota do ano 2014. Esta moción non ten memoria histórica posto que quen privatizou Endesa foi o PP co goberno de José María Aznar manifestando que a liberalización conllevaría menores gastos. A moción vai mais en



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

contra dos impostos que das tarifas e nós os políticos debemos poñernos en contra das tarifas e das empresas.

MANUEL FERREIRO MARZOA, concelleiro do grupo municipal do PP indica que o que resulta ser unha chirigota é a actuación do goberno de Pedro Sánchez que nos dí cando temos que poñer a lavadora.

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP
2 PSOE
1 BNG

Votos en contra:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

Abstencións:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

7.-INFORMES.

1.-Concesión de Subvención da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo(Vicepresidencia primeira) da Xunta de Galicia.

Construción de parque infantil cuberto na parroquia de Abellá

Proxecto: 59.767,55€ (IVE incluído)

Subvención: 40.000€

2.-Concesión de Subvención Cultura no camiño 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidades da Xunta de Galicia

Realización de actividades culturais nos meses de xullo, agosto e Setembro

Orzamento total : Mínimo de 7.501€

Subvención: 6.000 €

3.-Concesión de Subvención da Consellería de Emprego e Igualdade para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) da Xunta de Galicia

Mantemento de parques e espazos naturais do Concello de Frades

Subvención: 41.249,79€ para a contratación de 3 peóns forestais cun contrato de 9 meses a xornada completa.

4.-Concesión de Subvención para a promoción da igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Couña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

- Actividades de Conciliación no Concello de Frades:

Subvención: 15.000€

- Actividades de promoción da igualdade no Concello de Frades

Subvención: 5.999€

5.-Concesión de Subvención da Consellería de

Presidencia, Xustiza e Turismo (Vicepresidencia primeira) da Xunta de Galicia.

FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (AGRUPACIÓN ORDES-FRADES)

SERVIZO DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL NOS CONCELLOS DE ORDES E FRADES

ORZAMENTO TOTAL: 60.000€

SUBVENCIÓN: 35.400€

- Para gastos de funcionamento: 12.000€
- Para investimentos: 23.400€ (Adquisición de vehículo todocamiño híbrido con distintivo ambiental ECO)

6.-MANCOMUNIDADE DE ORDES

Concesión de subvención da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia

- Obradoiro de emprego de Garantía Xuvenil

Duración: 12 meses

Contratación: 16 mozos /as de 18 a 30 anos

Especialidades: Fábricas de albanería e Traballos de Carpintería e moble

Lugar de realización e obras: Instalacións do Concello de Oroso e do Concello de Ordes

Obra: Restauración da Antiga Estación de tren da Pontraga no Concello de Ordes.

7.-ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E DE OCIO VERÁN 2021

INFORME DO ALCALDE DAS ACTIVIDADES QUE SE REALIZAN DURANTE ESTE VERÁN (xullo, agosto e Setembro) NO CONCELLO DE FRADES.

8.-ROGOS E PREGUNTAS.

-MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE, concelleiro do grupo municipal do BNG plantexa as seguintes preguntas:

1.- Sobre o accidente acado na Ponte, aínda está a sinalización?



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

O alcalde contesta que falouse ca empresa encargada do mantemento e unha vez finalizado o desbroce terá lugar o mantemento .

2.- Respecto a noticia publicada na Voz de Galicia de que o concello de Frades é o concello com máis débeda por habitantes?

O alcalde contesta que o concello está ao día nos pagos e as débedas contraídas son en atención a subvencións.

-ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE plantexa as seguintes preguntas:

1.-Sobre as deficiencias de a Pista Carballar a Outeiro.

O alcalde contesta que haberá que seguir entubando e meterase no próximo POS ou noutro plan de obras.

2.-Respecto ao SAF, a empresa parou a concesión.

O alcalde contesta que a mancomunidade non parou ningún servizo. O xuízo entre o sindicato e a empresa nada tem que ver ca prestación do servizo. A mancomunidade licitará un novo servizo.

-Non se decidiu prestar este servizo como propio por parte do concello?

O alcalde contesta que cada concello adopta as súas propias decisións. En principio seguirase a contratación do servizo conxuntamente co concello de Ordes pois entendemos que a municipalización do servizo conlevaría problemas en canto ás demandas dos profesionais.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as **15:19** horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde- Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo. Ángela María Viqueira Allo.